



maristas 2017  
un novo comezo

# Concurso bicentenario



maristas  
Provincia Compostela

EDELVIVES

## CONCURSO CHAMPAGNAT DE RELATOS ESO E BACHARELATO

Co gallo da celebración do Bicentenario da Institución Marista e dar acoñecer a figura do noso fundador, Marcelino Champagnat, e de fomentar a creatividade literaria en lingua galega entre a nosa mocidade, a provincia Marista Compostela convoca o Concurso de Relatos en Lingua Galega de acordo coas seguintes **BASES**:

**1ª PARTICIPANTES:** alumnos de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato de calquera colexio de Galicia da Provincia Marista Compostela.

**2ª TEMA:** os relatos deberán ser traballos inéditos, sobre a figura do noso fundador, Marcelino Champagnat, ou calquera outro tema vencellado coa Institución Marista e o seu Bicentenario.

**3ª FORMATO:** cada participante só poderá presentar un traballo, cunha extensión máxima de 5 páxinas, escrito por unha soa cara (arial 11 e espazo entre liñas 1.5, xustificación completa).

Presentarase redactado en Lingua Galega, por duplicado e sen asinar.

De xeito obrigatorio, achegarase xunto co traballo, un sobre pechado en cuxo exterior figurará o título do relato. E no interior levará escrito a categoría na que participa, o nome e apelidos completos do autor ou autora, enderezo, teléfono e correo electrónico do colexio onde estuda.

**4ª PRESENTACIÓN:** cada colexio organizará o seu propio sistema de selección previo dos traballos que representarán o seu centro a nivel provincial. Unha vez seleccionados localmente (dous por colexio) enviaranse por correo postal ao seguinte enderezo: Colexio Marista Santa María, r/Bedoya 9, 32004 Ourense, **antes do 15 de abril de 2017**, co título **Concurso Bicentenario Secundaria**

**5ª PREMIOS:** haberá dous premios por categoría

**Categoría 1ª a 3ª da ESO:** 1º Premio 300 € e 2º Premio 150 €

**Categoría 4ª ESO e Bacharelato:** 1º Premio 300 € e 2º Premio 150 €

**6ª JURADO:** o xurado estará composto polos coordinadores dos Equipos de Dinamización Lingüística, un representante da Provincia Marista Compostela do Equipo de Xestión de Obras Educativas que actuará como secretario e un representante da Editorial Tambre-Edelvives.

**7ª FALLO:** o fallo do xurado, que se comunicará con antelación aos gañadores, farase público na Xornada do Educador Marista do curso 2017-2018, sendo difundido polos medios que a Provincia Marista Compostela considere oportunos. O xurado poderá declarar o premio deserto nalguna categoría se considera que a calidade dos mesmos non é axeitada.

**8ª PROPIEDAD DOS TRABALLOS:** os relatos premiados quedarán a disposición da Provincia Marista Compostela, que poderá publicalos ou facer o uso deles que estime conveniente durante un periodo de cinco anos.

**9ª ACEPTACIÓN DAS BASES:** a participación no concurso supón a aceptación total das súas bases e a decisión do xurado que será inapelable.